



## PRIMEIRA RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE PROXECTOS SELECCIONADOS, EXCLUÍDOS E REXEITADOS DE CALQUERA MODALIDADE E CATEGORÍA ORZAMENTARIA SEGUNDO O PREVISTO NA RESOLUCIÓN DO 8 DE MARZO DE 2021 DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE POLA QUE SE APROBAN AS BASES DA SEGUNDA CONVOCATORIA DO FONDO X21

### I. FEITOS

1. Mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade aprobáronse as bases da segunda convocatoria do Fondo X21.
2. As bases da segunda convocatoria do Fondo X21 publicáronse o mesmo día da súa aprobación (8/3/2021) na páxina web: [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_/axuda/convocatoria\\_0056/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/axuda/convocatoria_0056/)
3. Segundo a base sexta da segunda convocatoria do Fondo X21, poderán presentar proxectos culturais e lingüísticos para a súa inclusión no Fondo X21 as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalguna prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística. En concreto:
  - 3.1. Profesionais do sector cultural, lingüístico, creativo e artístico galego
  - 3.2. Empresas culturais, lingüísticas e/ou artísticas
  - 3.3. Cooperativas culturais, lingüísticas e/ou artísticas
  - 3.4. Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro que **teñan** persoal laboral contratado para o desenvolvemento dos seus proxectos.
4. De acordo coa base novena da segunda convocatoria do Fondo X21, o prazo de presentación de solicitudes foi dun **mes**, desde o día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web <http://www.lingua.gal> e rematou o día **8 de abril de 2021**.

### II. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. A base décimo quinta da segunda convocatoria do Fondo X21 establece que para valorar as ofertas se constituirá unha Comisión Técnica de Valoración de proxectos para cada modalidade que será designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cada unha delas estará integrada por un máximo de 5 persoas e incluírá un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria con voz pero sen voto.





2. O día 12 de marzo de 2021, mediante tres acordos do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas que integran as tres comisións de valoración das tres modalidades do Fondo X21, que foron determinadas en función dos formatos dixitais, presenciais e materiais dos proxectos ofertados segundo o previsto na base cuarta da segunda convocatoria do Fondo X21, que permite combinar os diferentes formatos en calquera das súas modalidades e categorías orzamentarias.
3. A Comisión Técnica de Valoración de cada modalidade examinará e avaliará a calidade técnica e a viabilidade económica das propostas presentadas, de acordo coa memoria técnica e descritiva do proxecto e o seu orzamento de execución, en función dos criterios técnicos e económicos que se enumeran nos apartados 3.1, 3.2, 3.3, 3.4 e 3.5 da base décimo quinta da segunda convocatoria do Fondo X21 e segundo o seu protocolo de actuación para obxectivar os criterios de selección que está publicado na seguinte ligazón: [https://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1647059&name=DLFE-22625.pdf](https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647059&name=DLFE-22625.pdf)
4. Segundo a base décimo sexta da segunda convocatoria do Fondo X21, os proxectos seleccionados para cada modalidade publicaranse mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na páxina web [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_/axuda/convocatoria\\_0056/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/axuda/convocatoria_0056/), que non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente de acordo coas prescricións da normativa contractual. Nela indicárase, por orde decrecente, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado.

Polo exposto, segundo a proposta da presidenta da Comisión de Valoración Técnica en representación do órgano colexiado de valoración dos proxectos do Fondo X21 e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de obxectivación dos criterios de selección do 16 de marzo de 2021,

RESOLVO:

1. **Seleccionar** os proxectos das diferentes modalidades (dixital, presencial e material) e, dentro delas, os proxectos que combinan diferentes formatos, das dúas categorías orzamentarias previstas nas bases da segunda convocatoria do Fondo X21 e, así mesmo, iniciar, de ser o caso, os trámites administrativos e contables necesarios para a súa contratación. **Os proxectos seleccionados pódense consultar no Anexo I desta resolución.**
  - 1.1. A publicación da relación de proxectos seleccionados para a categoría orzamentaria de proxectos de ata 6 000 € (incluídos todos os impostos) **terá carácter definitivo** pero non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente.





- 1.2. A publicación da relación de proxectos seleccionados para a categoría orzamentaria de proxectos superiores a 6 000 € e ata 15 000 € (incluídos todos os impostos) **terá carácter provisional** e non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se lles notifique individualmente a resolución de adjudicación do contrato correspondente que **só** se realizará logo de que as persoas licitadoras (ou as persoas que as representen) xustifiquen documentalmente que teñen contratado persoal asalariado durante a execución do proxecto na forma prevista no apartado 3 da base décimo primeira da segunda convocatoria do Fondo X21, e de acordo co requirimento colectivo que se realiza a través desta resolución administrativa na forma que a continuación se indica.
- 1.3. A publicación da relación de proxectos seleccionados terá **carácter provisional**, independentemente da contía dos proxectos, para as **entidades ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro**, que teñen que acreditar sempre, calquera que sexa o importe do seu proxecto, que teñen persoal laboral contratado para o seu desenvolvemento.
2. **Requiririlles** ás persoas licitadoras, segundo o previsto nos apartados 1.2. e 1.3. desta resolución, que xustifiquen documentalmente que dispoñen de persoal asalariado durante a execución do proxecto. Para tales efectos, de acordo co compromiso asinado na declaración responsable do **anexo II** da segunda convocatoria do Fondo X21, as persoas profesionais autónomas, as empresas culturais e lingüísticas, as entidades ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro e as cooperativas (ou as persoas que as representen) deberán presentar **no prazo improrrogable de 10 días naturais** algúns destes documentos:
- Documento oficial da Seguridade Social do persoal contratado
  - RNT (Relación nominal de traballadores)
  - Outra documentación oficial xustificativa da alta na Seguridade Social do persoal contratado

**A listaxe de persoas titulares de proxectos ás que vai dirixido o requirimento de acreditación do persoal contratado atópase no Anexo II desta resolución.**

O prazo concedido de **10 días naturais** terá carácter improrrogable e comezará a contar desde o mesmo día da publicación desta resolución administrativa de selección de proxectos na páxina web:

[https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_axuda/convocatoria\\_0056/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_axuda/convocatoria_0056/)

A documentación requirida presentarse como **“achega de documentación separada”** do expediente de solicitude orixinal, a través do PR004A, sen necesidade de crear un novo expediente.





Logo do transcurso do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento, se as persoas licitadoras xustifican na forma documental prevista no apartado anterior ter contratado persoal asalariado durante a execución do proxecto, o órgano instrutor publicará unha **segunda resolución de proxectos seleccionados definitivamente** da categoría orzamentaria de proxectos cun importe superior a 6 000 € e ata 15 000 € (incluídos todos os impostos) que non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente. Na mesma resolución incluíranse os proxectos identificados no apartado 1.3. desta resolución que fosen ofertados por entidades ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro que, así mesmo, resulten seleccionados con carácter definitivo se acreditan ter persoal asalariado a cargo.

Logo do transcurso do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento, se as persoas licitadoras **non** xustifican na forma documental prevista no apartado anterior a contratación esixida, entenderase que decaen nos seus dereitos para contratar o seu proxecto e acudirase á **Lista de agarda** para cubrir as baixas definitivas.

De ser o caso, na **segunda resolución de proxectos seleccionados definitivamente** identificaranse, así mesmo, as persoas licitadoras dos proxectos requiridos que causen baixa definitiva no procedemento para a selección de proxectos do Fondo X21 cando non xustifiquen no prazo outorgado ter contratado persoal asalariado durante a execución do proxecto ofertado ou renuncien á adxudicación.

As baixas definitivas serán cubertas por outras persoas titulares de proxectos de calquera modalidade e categoría orzamentaria da **Lista de agarda**, ata o límite orzamentario das baixas definitivas e en orde decrecente segundo a súa puntuación.

3. **Excluir** os proxectos das diferentes modalidades (dixital, presencial e material) e, dentro delas, os proxectos que combinan diferentes formatos, das dúas categorías orzamentarias previstas nas bases da segunda convocatoria do Fondo X21, **polos motivos que se indican no Anexo III desta resolución.**

Os proxectos excluídos son aqueles que no procedemento establecido para a súa selección non pasan á fase de valoración de proxectos pola Comisión Técnica de Valoración polos motivos de exclusión administrativa previstos nas bases da segunda convocatoria de proxectos do Fondo X21.

4. **Rexeitar** os proxectos das diferentes modalidades (dixital, presencial e material) e, dentro delas, os proxectos que combinan diferentes formatos, das dúas categorías orzamentarias previstas nas bases da segunda convocatoria do Fondo X21, **polos motivos que se indican no Anexo IV desta resolución.**

Os proxectos rexeitados son aqueles que no procedemento establecido para a súa selección pasan á fase de valoración de proxectos pola Comisión Técnica de





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 881 996 301 Fax: 881 996 306  
sxpl.secretaria@xunta.gal  
www.lingua.gal

galicia

Valoración e o dito órgano colexiado rexeita polos motivos dos apartados 4 e 6 da base décimo quinta da segunda convocatoria de proxectos do Fondo X21.

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



Xacobeo 21-22

